

**SESIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE 11 DE FEBREIRO DE 2019:**

Documentos 190010564 e doc 190017255 sobre suspensión do procedemento e identificación do persoal ao servizo das Administracións Públicas baixo cuxa responsabilidade se tramita o procedemento.

“En data 23-01-2019 presentouse no Rexistro Xeral do Concello o documento núm. 190010564 encabezado por don Alejandro Moledo Filgueira, ao que se xuntan dúas follas con firmas fotocopiadas, neste escrito alegase que tendo presentado en data 7 de decembro de 2018 recurso de alzada e solicitude de suspensión referido ao proceso selectivo de bombeiros e que tendo transcorrido un mes de conformidade co artigo 117 da LPAC, solicitan se teña por suspendida “ope legis” a execución do proceso selectivo.

En data 04-02-2019 presentouse no Rexistro Xeral do Concello o documento 190017255 encabezado por don Alejandro Moledo Filgueira, ao que se xuntan dúas follas con firmas fotocopiadas, (no que manifesta que con data 16 de xaneiro de 2019 presentouse escrito solicitando a suspensión ope legis do proceso selectivo de bombeiros e que sendo esta unha obriga legal solicitan se identifique ao funcionario que incumpriu a citada obriga legal.

En primeiro lugar compre sinalar que os escritos (Documentos 190010564 e doc 190017255) carecen de firma xa que foron presentados achegando unhas fotocopias das firmas presentadas co recurso de alzada interposto no rexistro de entrada do Concello en data 07-12-2018 (doc. 180195344).

Non obstante, por economía procedimental, tendo en conta que as cuestións plantexadas nestes escritos xa foron resoltas polo órgano competente, o órgano de selección remítese ao acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de xaneiro de 2019 sobre as seguintes cuestións:

1) O recurso de alzada presentado por don Alejandro Moledo Filgueira e 56 máis no rexistro de entrada do Concello en data 07-12-2018 (doc. 180195344) contra os acordos sobre realización do primeiro exercicio da oposición e sobre os acordos de



resolución de alegacións as preguntas deste primeiro exercicio foi resolto por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de 31 de xaneiro de 2019, sendo publicado este acordo en data 1 de febreiro de 2019.

2) No que atinxe a suspensión alegada de conformidade co disposto no artigo 117 e da Lei 39/2015, o órgano de selección remítese ao citado acordo da Xunta de goberno Local no que se pronuncia sobre esta cuestión:

“Terceiro.- Alzar expresamente a suspensión da executividade do acto recorrido, solicitada no recurso que agora se resolve.”

3) Sobre a suspensión do artigo 56.1 da Lei 39/2015, xa se pronunciou este órgano selección en data 29 de novembro de 2018, publicando anuncio deste acordo en data 17-12-2018: *“En base ao exposto, ó órgano de selección acorda que procede continuar coa realización do procedemento selectivo desestimando a solicitude de paralización do mesmo.”*

4) En canto a que se identifique ao funcionario ou funcionarios que incumpriron a citada obrigaón legal. Sinalar que como se recolle nos apartados anteriores non hai incumprimento de ningunha obriga legal ao terse pronunciado expresamente sobre a suspensión o acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de xaneiro de 2019, significando que nese mesmo acordo na consideración xurídica terceira xa se contesta a esta solicitude de identificación dos funcionarios responsables: *“No que atinxe á identificación das autoridades e persoal ao servizo do Concello de Vigo baixo cuxa responsabilidade de tramita o procedemento, remitímonos ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 192 de 4 de outubro de 2018 no que se publica o acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de outubro de 2018, no que entre outros, designa aos membros dos órganos de selección, sen que teña sido formulada ningunha causa de abstención, nin de recusación ata o día da data.”*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/02/2019 15:07

Páxina 2 de 2

Expediente 32856/220

CSV: 2FED5A-87B981-58E9D8-B1UHX9-88HQDS-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>